

Proxecto Newton: Experimentación didáctica na aula.

Práctica 2

DISPONIBILIDADE DA AULA DE INFORMÁTICA.

A experiencia levarase a cabo nunha aula de informática que é de uso xeral e na que se imparten clases de informática. Non obstante, como o Ámbito Científico Técnico ten unha carga lectiva de nove horas semanais, non hai problema en atopar catro horas dispoñibles en dita aula. Dedicaranse outras dúas a facer actividades na aula do grupo.

Ao ser un grupo reducido de nove alumnos, non haberá ningún problema para que a cada alumno lle corresponda un ordenador, dispoñendo ademais de ordenadores de reserva.

CARACTERÍSTICAS DOS ORDENADORES.

A aula dispón de vinte ordenadores, incluíndo o do profesor, coa seguinte configuración:

Procesador	AMD 64 Athlon x2, Dual Cuore Processor 5600+, 2,81 GHz
Disco duro	120 Gb
Memoria RAM	2 Gb
Sistema operativo	Windows XP

AGRUPAMENTO DOS ALUMNOS NA AULA.

Dado que o número de alumnos é reducido, o método de traballo será fundamentalmente de forma individual, permitindo a interacción entre eles no momento en que xurda.

Tamén se programarán actividades para desenvolver en grupo de forma conxunta, mediante canón de vídeo e debatindo publicamente as preguntas realizadas.

DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS.

En forma de U, coas mesas colocadas ao longo de tres das paredes da aula. O ordenador do profesor xunto coa pizarra e a pantalla de proxección ocupan a cuarta parede.

CONECTIVIDADE A INTERNET.

A aula dispón dunha conexión ADSL de alta velocidade, polo que non se prevén problemas para traballar on-line.

OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS.

A aula conta tamén con pizarra, pantalla de proxección, canón de vídeo e o programa *italc* que permite ao profesor controlar no seu ordenador a actividade que está realizando cada alumno así como a conexión a Internet.